

Código do documento	Código do expediente
USG12I00YI	USG/2018/179
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1S25 5H65 526B 1E5Q 0WWG	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte e dous de outubro do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de outubro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 15 de outubro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Acordo do 9 de outubro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica en Culleredo (Expte.: IN407A2016/492-1 Anexo 1). BOP núm. 197 do 16-10-2018.
- Resolución do 9 de outubro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (Expte.: IN407A 2018/153-1). BOP núm. 197 do 16-10-2018.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00YI	USG/2018/179
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1S25 5H65 526B 1E5Q 0WWG	

- Anuncio do 15 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva dun expediente de suplemento de crédito para o financiamento de inversións financeiramente sostibles financiado co superávit do ano 2017. BOP núm. 199 do 18-10-2018.
- Anuncio do 16 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo ás bases e convocatoria pública para a elección de xuíz de paz titular do Concello de Culleredo. BOP núm. 2018, do 22-10-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 1555 de data do 09/10/2018, pola que se autoriza o uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, dos terreos de dominio público municipal para a canalización LMTS, CT, RBT en Toroño – O Picoto, deste termo municipal.
- Resolución núm. 1556 de data do 10/10/2018, pola que se autoriza o uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, dos terreos de dominio público municipal para a canalización de liña eléctrica subterránea de baixa tensión na R/. Benito Viceto, da parroquia de Rutis deste termo municipal.
- Resolución núm. 1557 de data do 09/10/2018, pola que se denega o cambio de titularidade da licenza de terraza do establecemento situado na R/. Amparo López Jean, núm. 27 – baixo 2, da parroquia de Rutis, solicitado por CERVECERÍA LA CORVEIRA NOROESTE, SL, por estar expresamente prohibido pola Ordenanza municipal reguladora das terrazas e veladores.
- Resolución núm. 1558 de data do 09/10/2018, pola que se concede a licenza municipal núm. 423 para uso especial de dominio público municipal, para a entrada e saída a través das beirarrúas ao garaxe situado na Avda. Vilboa núm. 55 -57, á comunidade de propietarios.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Concellaría delegada de Urbanismo:

“RESOLUCIÓNS DO 12.10.2018

Resolución núm. 1577.- Concedendo a F.R.R. e J.L.S.S., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda situada no Lugar de Folgueira, parroquia de Castelo (exp. UAU/2018/518).

Resolución núm. 1578.- Concedendo a I.M.R.S. e E.V.F. licenza municipal de obras a a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Castelao, Parroquia de Rutis (Exp. UAU/2018/264).

Resolución núm. 1579.- Concedendo a FERGO GALICIA RENTA S.L. licenza de primeira ocupación para catro naves situadas na Rúa G números 1, 3, 5 e 7 do Parque Empresarial Alvedro, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/465).

Resolución núm. 1580.- Concedendo a M.B.G.C. Licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Condes, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2017/675).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 28 de setembro de 2018, a comunicación previa presentada por M.X.S.F., para legalización de obras dun peche de 95,5 ML e 1,80 MA (0,70 m/a cego e 1,00 m/a diáfano, solera de formigón de 110 m2 colocación dun tubo de canalización de pluviais de 40 m.

e aporte e extensión de 60 m2 de terra vexetal, nunha parcela situada no Lugar de Barrio, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2018/681 e exp. UAU/2018/583).”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
10/10/18	1564	Conceder unha ampliación do Servizo de Xantar na Casa.	M. C. V. T.	Sete días da semana ata o 28/02/2019.

**PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
30/08/18	1374	Denegar unha axuda económica.	M.M.P.	Denegar as axudas para bono de aluguer por no cumprir os requisitos económicos na actualidade.	
06/09/18	1411	Conceder unha axuda económica	J.M.C..A	Conceder unha axuda económica para o pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a agosto de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 200 €, agás o mes de agosto cun importe de 75 €.	
06/09/18	1412	Conceder unha axuda económica	M.J.T.M.C	Conceder unha axuda económica para o pago de hipoteca correspondente a cuotas pendentes que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	
06/09/18	1413	Conceder unha axuda económica.	A.E.R.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de abril a xuño de	

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

				2018 que lle será aboada mediante talón bancario nominativo por un importe mensual de 380 €, agás o mes de xuño cun importe de 315 €.	
06/09/18	1414	Conceder unha axuda económica.	D.D.E.A.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300€, agás o mes de xuño cun importe de 175 €.	
04/10/2018	1537	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A.R.M.	Pago do recibo de electricidade correspondente ao período do 27/06/2018 ao 29/08/2018	
4/10/2018	1538	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.J.S.T.	Pago recibo de electricidade correspondente ao período do 11 de xullo ao 12 de agosto de 2018 (20,13€) e do 12 de agosto ao 11 de setembro de 2018 (21,14€).	
10/10/18	1565	Conceder unha axuda económica.	J. E. A.	Pago de aluguer, correspondendo, 380 € os meses de setembro e outubro e 315,68 € o mes de novembro de 2018.	
10/10/18	1566	Conceder unha axuda económica.	A. A. D.	Pago de aluguer, correspondendo, 183 € os meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro e 160,68 € o mes de novembro.	
10/10/18	1567	Conceder unha axuda económica.	J. L. I. S.	Pago de aluguer, correspondendo, 300 € os meses de agosto, setembro e outubro e 175,68 € o mes de novembro de 2018.	
10/10/18	1568	Conceder unha axuda económica.	O. S. M.	Pago de aluguer, correspondendo, 360 € os meses de agosto e setembro e 355,68 € o mes de outubro de 2018.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00YI	USG/2018/179
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1S25 5H65 526B 1E5Q 0WWG	

				1075,68€.	
10/10/18	1569	Conceder unha axuda económica .	C. G. C.	Pago de aluguer, correspondendo, 320 € os meses de agosto, setembro e outubro e 115,68 € o mes de novembro de 2018.	
10/10/18	1570	Conceder unha axuda económica .	A.M.D.D.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (150 €), abril (150 €), maio (150 €), xuño (150 €), xullo (150 €), agosto (150 €), setembro (150 €) e parte de outubro (25 €) de 2018.	
11/10/18	1576	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	N. P. P.	Recibo de auga, correspondente ao terceiro trimestre de 2018.	64,71 €

C.I.F. P-1503100-H

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

ACTIVIDADE: Como escribir un conto.

Programa: Educación para o fomento da lectoescritura.

Datas: 23, 25, 26, 29 30 e 31 de outubro.

Horaio: de 09:30 a 13:00 h.

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo, CEIP novo e A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 211 x 2 sesións.

Lugar: Aulas.

ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 25 DE OUTUBRO

Biblioteca González Garcés do Burgo.

Obradoiro de cociña saudable.

Dúas quendas: 17.00 -18.30 e 19.00 – 20.30.

Nenos /as de 7 a 12 anos. 12 prazas.

VENRES 26 DE OUTUBRO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *Gato vermello, gato azul.*

A partir de 3 anos. Entrada libre.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00YI	USG/2018/179
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1S25 5H65 526B 1E5Q 0WWG	

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H